

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

aprobado polo consello de departamento o 18 de setembro de 2006
ratificado polo Consello de Goberno da USC o 3 de outubro de 2006

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS	3
<i>Artigo 1º. Definición, réxime xurídico e sede.....</i>	3
<i>Artigo 2º. Membros do Departamento</i>	3
<i>Artigo 3º. Funcións do Departamento.....</i>	3
TÍTULO II. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO (ART. 106º EUSC)	4
CAPÍTULO I: ÓRGANOS COLEXIADOS: O CONSELLO DE DEPARTAMENTO	4
<i>Artigo 4º. Composición do Consello de Departamento (art. 107º EUSC).....</i>	4
<i>Artigo 5º. Competencias do Consello de Departamento (art. 108º e 109º EUSC).....</i>	4
<i>Artigo 6º. Funcionamento do Consello de Departamento</i>	5
<i>Artigo 7º. Comisión Permanente do Consello de Departamento.....</i>	6
CAPÍTULO II: ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....	7
<i>Artigo 8º. O director ou directora (art. 110º EUSC).....</i>	7
<i>Artigo 9º. Competencias do director/a.....</i>	7
<i>Artigo 10º. O secretario ou secretaria (art. 112º EUSC)</i>	8
TÍTULO III: DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.....	8
CAPÍTULO I: DOCENCIA	8
<i>Artigo 11º. Principios xerais.....</i>	8
<i>Artigo 12º. Organización docente</i>	8
CAPÍTULO II: INVESTIGACIÓN	9
<i>Artigo 13º. Principios xerais.....</i>	9
<i>Artigo 14º. Contratos e/ou convenios de investigación.....</i>	9
TÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO.....	9
<i>Artigo 15º. Xestión económica.....</i>	9
TÍTULO V: REFORMA DO REGULAMENTO.....	10
<i>Artigo 16º. Iniciativa de Reforma do Regulamento.....</i>	10
<i>Artigo 17º. Procedemento de Reforma do Regulamento.....</i>	10
<i>Artigo 18º. Aprobación da Reforma do Regulamento</i>	10
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS	10
DISPOSICIÓN DERRADEIRA.....	10

TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. Definición, réxime xurídico e sede

1. De acordo co artigo 52º.1 dos Estatutos da USC (en adiante EUSC), o Departamento de Anatomía e Producción Animal (en adiante DEAPA), é o órgano básico encargado da programación e o desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación das áreas de coñecemento que o integran: área de ANATOMÍA E ANATOMÍA PATOLÓXICA COMPARADAS e área de PRODUCCIÓN ANIMAL.
2. O DEAPA desenvolve as súas funcións docentes e investigadoras en todos aqueles Centros con planos de estudos que integran materias adscritas ás áreas de coñecemento expresadas no apartado anterior e, no seu caso, nos correspondentes estudos de posgrao.
3. O DEAPA réxese pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, as normas que a desenvolven, os EUSC (Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, DOG 9/02/2004, BOE 22/04/2004), o presente Regulamento e demais normas que lle sexan de aplicación.
4. A sede principal do Departamento ubícase no Campus Universitario Norte (Campus de Lugo) da USC, no Centro habitual de traballo do seu director/a.

Artigo 2º. Membros do Departamento

1. Son membros do DEAPA o persoal docente e investigador (PDI) funcionario ou contratado, as persoas con bolsa ou contrato de investigación, e o persoal de administración e servizos que estean adscritos ao Departamento. Os alumnos que cursen disciplinas das que o Departamento sexa responsable terán unha vinculación temporal con este.
2. Os profesores e investigadores adscritos temporalmente ao Departamento formarán parte deste, para todos os efectos legalmente previstos, durante o tempo que permanezan nesa situación. En calquera caso, só se considerarán membros do Departamento, para os efectos de participación nos órganos colexiados de goberno, os que estean adscritos de forma completa ou principal.

Artigo 3º. Funcións do Departamento

Segundo o artigo 53º dos EUSC, corresponde ao Departamento:

1. A programación, desenvolvemento e seguimento de:
 - a) As ensinanzas propias das áreas de coñecemento de ANATOMÍA E ANATOMÍA PATOLÓXICA COMPARADAS e PRODUCCIÓN ANIMAL, de acordo coa organización xeral dos centros nos que estas se imparten.
 - b) Os estudos de doutoramento e os cursos de especialización e formación continua nos que participe.
2. Participar na elaboración dos planos de estudo e dos planos de organización docente (POD) que inclúan materias ou asignaturas da súa competencia.
3. Distribuír e asignar ao profesorado a docencia das asignaturas dentro da súa área de coñecemento, conforme aos criterios que estableza o Consello de Goberno, garantindo a cobertura de docencia no caso de ausencia imprevista.
4. A coordinación da actividade investigadora realizada polos seus membros, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
5. O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do seu PDI.
6. Respaldar a formación do seu PDI.
7. Participar nos procedementos de avaliación da calidade das actividades de docencia e investigación do seu persoal, así como nos de certificación e acreditación que afecten a ditas actividades.

8. A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de PDI, funcionario ou contratado, así como, de se-lo caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolvelas.
9. Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos da USC.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO (art. 106º EUSC)

Son órganos de dirección –colexiados e unipersoais- do Departamento:

1. O Consello de Departamento.
2. O director/a.
3. O secretario/a.

CAPÍTULO I: ÓRGANOS COLEXIADOS: O CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Artigo 4º. Composición do Consello de Departamento (art. 107º EUSC)

1. O Consello de Departamento estará composto por:
 - a) Os doutores membros do Departamento.
 - b) O profesorado e axudantes sen título de doutor a tempo completo.
 - c) O resto de persoal docente e investigador a tempo parcial e investigadores en formación e perfeccionamento, sempre que non excedan do 10% do total de membros.
 - d) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do Departamento, elixidos cada dous anos, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudantado de primeiro e segundo ciclo e o 15% a estudantado de terceiro ciclo.
 - e) Un representante do persoal de administración e servizos.
2. Todos os representantes elixidos serano por dous anos. A condición de membro electo do Consello é persoal e intransferible e perderase por:
 - a) renuncia
 - b) ao cesar a vinculación co Departamento
 - c) ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que foi elixido
 - d) polo incumprimento reiterado* das súas obrigas de asistencia e participación no órgano para o que foi elixido.

Artigo 5º. Competencias do Consello de Departamento (art. 108º e 109º EUSC)

Corresponderalle ao Consello de Departamento:

1. A elección do director/a e, de se-lo caso, a proposta ao reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva cuxo procedemento queda regulado polo artigo 81º do “Regulamento Electoral Xeral” da USC.
2. A planificación e coordinación da actividade docente e a coordinación da actividade investigadora do Departamento, así como o control do seu cumprimento.
3. A validación de programas docentes e sistemas de avaliación das materias das que sexa responsable.
4. A formulación das demandas de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e do terceiro ciclo, e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
5. A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento.

*O Consello do Departamento será o encargado de determinar qué se entende por “reiterado”.

6. A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno no que se determinarán os distintos aspectos do seu funcionamento, de acordo coa lexislación vixente, cos EUSC e coas normas que os desenvolvan.
7. A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
8. A promoción do perfeccionamento da docencia.
9. A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente.
10. A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.
11. A aprobación das propostas de programa de doutoramento, informe dos proxectos de teses de doutoramento e propostas das comisións e tribunais xulgadores das actividades de terceiro ciclo.
12. Elabora-la normativa de substitución do profesor ausente.
13. Supervisa-las actividades docentes dos profesores visitantes e eméritos.
14. Calquera outra competencia que lle atribúan os EUSC ou a lexislación vixente.

Artigo 6º. Funcionamento do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento pode actuar en Pleno ou en Comisión Permanente. Tamén poderá dotarse de Comisións Asesoras, das cales se determinarán as súas competencias e funcións.
2. Sesións e Convocatorias do Pleno:
 - a) O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria por iniciativa da dirección, polo menos unha vez cada trimestre do ano lectivo (art. 107º.3 EUSC).
 - b) A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será realizada polo director/a, notificándoa aos membros do mesmo cunha antelación mínima de 2 días lectivos. Dita notificación farase por correo electrónico como medio preferente, agás que algún membro do Consello sinala outro lugar de notificación e sempre que sexa nas dependencias da USC.
 - c) En cada convocatoria deberá constar a orde do día, lugar, data e hora sinalados para a celebración en primeira e segunda convocatoria. O secretario/a porá a dispor dos membros do Consello a documentación relativa aos asuntos a tratar na sesión dende o mesmo día da convocatoria.
 - d) A orde do día será fixada polo director/a, e só poderá ser alterada por acordo da maioría simple dos membros presentes no Consello.
 - e) O Consello do Departamento considerarase validamente constituído en primeira convocatoria, coa asistencia da metade máis un dos seus membros. En segunda convocatoria, dez minutos despois da sinalada para a primeira, requirirase a asistencia do 30 % dos membros do Consello. En todo caso, é necesaria a asistencia do director/a e do secretario/a ou daqueles que legalmente os substitúan.
 - f) O Consello de Departamento poderá reunirse con carácter extraordinario –sexa ou non en período lectivo– cando a importancia ou urxencia do/s asunto/s a tratar así o requira, ben por iniciativa do director/a ou a pedimento dun tercio dos seus membros. Neste último caso deberase cursar á dirección do Departamento unha solicitude de convocatoria de sesión extraordinaria debidamente razoada, facendo constar na mesma o tema/s a tratar, e asinada pola totalidade dos demandantes.
 - g) A convocatoria das sesións extraordinarias terá lugar nun prazo máximo de 10 días hábiles a partir da solicitude e será notificada a cada membro cunha antelación mínima de 2 días lectivos, preferentemente mediante correo electrónico, agás que algún membro do Consello sinala outro lugar de notificación e sempre que sexa nas dependencias da USC.
 - h) O Consello de Departamento poderá invitar a asistir ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, a calquera membro da comunidade universitaria que poida resultar afectado.

i) O secretario/a levantará acta de cada sesión na que se especificarán necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo nas que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. A acta provisoria enviarase aos membros do Consello de Departamento dentro dos 7 días lectivos seguintes á celebración da reunión.

3. Debates:

- a) En relación co desenvolvemento dos puntos da orde do día, e no suposto de que xurda debate neles, corresponderalle ao director/a establece-la orde de intervencións e modera-lo debate, conceder e retira-la palabra, e precisa-los termos ou propostas que vaian ser obxecto de votación.
- b) Os membros do Consello terán dereito a que consten na acta as súas observacións en relación co desenvolvemento do debate, debendo entregalas por escrito ao secretario/a que lles dará lectura pública antes de remata-la sesión.

4. Adopción de Acordos e Votacións:

- a) Os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría simple dos votos emitidos, salvo o disposto expresamente por outra/s normativas que resulten de aplicación.
- b) Non se poderán adoptar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, salvo que estean presentes tódolos membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
- c) O voto dos membros do Consello de Departamento é persoal e indelegable, e non poderá emitirse por anticipado. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse, nin poderá entrar ou saír do recinto ningún dos membros do Consello.
- d) As votacións poderán ser:
 - d.1. Aprobación por asentimento, cando realizada unha proposta polo director/a non haxa obxección nin oposición por parte de ningún membro. En caso contrario someterase a votación ordinaria.
 - d.2. Na votación ordinaria votárase a man alzada, primeiro os que aproban a cuestión, en segundo lugar os que a desaproban e en terceiro lugar aqueles que se absteñen.
 - d.3. Na votación pública por chamamento, o secretario/a nomeará aos membros do Consello por orde alfabética comezando pola letra que se sacase a sorte, e estes responderán “si”, “non” ou “abstención”.
 - d.4 As votacións secretas faranse depositando as papeletas nunha urna, cando afecten a persoas concretas, así como cando o solicite o 30 % dos membros do Consello de Departamento presentes.
- e) Calquera membro do Consello poderá exercer-lo seu dereito de formular un voto particular, así como a expresa-lo sentido do seu voto e os motivos que o xustifican, debendo entregalo por escrito dentro das 48 horas seguintes ao remate da sesión.

Artigo 7º. Comisión Permanente do Consello de Departamento

1. A Comisión Permanente do Consello de Departamento estará composta por:

- a) O director/a.
- b) O secretario/a, que será tamén o da Comisión Permanente.
- c) Un representante de cada unha das áreas de coñecemento integradas no Departamento.

2. A Comisión Permanente será competente para:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados polo Pleno.
- c) Asesorar en todas aquelas cuestións que o director/a lle someta no exercicio das súas competencias e decidir, no seu caso, sobre as que aquel lle delegase expresamente.

3. Funcionamento da Comisión Permanente.

- a) A Comisión Permanente reunirse por iniciativa do director/a.

- b) A convocatoria das sesións ordinarias da Comisión Permanente será realizada polo director/a, notificándoa aos membros da mesma cunha antelación mínima de 2 días lectivos. Dita notificación farase por correo electrónico como medio preferente, agás que algún membro do Consello sinala outro lugar de notificación e sempre que sexa nas dependencias da USC.
- c) En cada convocatoria deberá constar a orde do día, que será fixada polo director/a, lugar, data e hora sinalados para a celebración.
- d) A Comisión Permanente considerárase validamente constituída coa asistencia da metade máis un dos seus membros, e en todo caso coa asistencia do director/a e do secretario/a ou daqueles que legalmente os substitúan.
- e) O secretario/a levantará acta de cada sesión na que se especificarán necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo nas que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados, dos que se dará conta ao Consello do Departamento.

CAPÍTULO II: ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 8º. O director ou directora (art. 110º EUSC)

1. O director/a representa ao Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. O director/a do Departamento será elixido polo Consello de Departamento, entre os membros do mesmo profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios, os funcionarios de escola universitaria, os funcionarios non doutores e os profesores contratados doutores, sendo requisito imprescindible ter dedicación completa ou total. Será nomeado polo reitor.
3. De non se poder levar a cabo o nomeamento do director/a do Departamento por falta de candidatos que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, trala proposta do reitor, encargarlle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor ou profesora do Departamento ou, no seu defecto, doutro Departamento. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións.
4. O mandato terá unha duración de catro anos, podendo ser reelixido unha soa vez consecutiva.
5. En caso de ausencia ou enfermidade, o director/a será substituído, con carácter accidental, por un membro do Departamento designado polo director/a, de acordo cos criterios especificados no apartado 2) e, no seu defecto, polo de maior antigüidade.
6. O director/a cesará nas súas funcións:
 - a) Por cumprimento do mandato para o que foi elixido/a.
 - b) Por decisión propia, mediante renuncia formalmente expresada diante do Reitor.
 - c) Mediante aprobación dunha moción de censura conforme ao procedemento recollido neste regulamento.
 - d) Por inhabilitación ou suspensión para exercer cargo público.
 - e) Ao deixar de pertencer aos corpos docentes universitarios, ou por modificación da súa dedicación (art. 8º.2 deste regulamento).

Artigo 9º. Competencias do director/a

1. As competencias da dirección do Departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.
2. Son competencias específicas da dirección do Departamento (art 111º EUSC):
 - a) A presidencia e a convocatoria do Consello de Departamento e da Comisión Pemanente.
 - b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.

- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materias dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- d) A xestión ordinaria dos asuntos que sexan competencia do Departamento.
- d) A execución das previsións orzamentarias.
- e) A proposta ao reitor do nomeamento de secretario/a do Departamento
- f) Aqueloutras funcións que lle encomende a lexislación de rango superior a este regulamento.

Artigo 10º. O secretario ou secretaria (art. 112º EUSC)

1. O secretario/a do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Ademais, exercerá aqueloutras funcións que lle delegue o director/a ou lle encomende a lexislación de rango superior a este regulamento.
2. O secretario/a será nomeado polo reitor, tras a proposta do director/a, entre o profesorado e axudantes do Departamento.
3. O secretario/a cesará por decisión do reitor, logo de proposta do director/a do Departamento ou a petición propia.

TÍTULO III: DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

CAPÍTULO I: DOCENCIA

Artigo 11º. Principios xerais

1. Corresponde ao Departamento o desenvolvemento das funcións docentes que lle atribúen os artigos 53º, 109º e 137º dos EUSC, o articulado deste regulamento, así como calquera outra que lle atribúa a lexislación vixente.
2. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica dos estudantes e á preparación para o exercicio da súa actividade profesional.
3. A docencia é un dereito e un deber do PDI do Departamento e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da USC.
4. O Departamento é o responsable da docencia de acordo cos planos de estudos das distintas titulacións nas que imparte as súas ensinanzas e a normativa aprobada polo Consello de Goberno.
5. O Departamento está obrigado a garantir a ensinanza adscrita ás áreas de coñecemento que o integran. En caso necesario, o Consello de Departamento arbitrará as medidas oportunas que garantan a docencia ante situacións de urxencia, en virtude da normativa de substitución do profesor ausente, cuxa elaboración está recollida no presente regulamento.

Artigo 12º. Organización docente

1. Co fin de mellora-la organización da docencia, o Consello de Departamento será o encargado de coordinar os programas e contidos das asignaturas de cada área de coñecemento.
2. O Consello de Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá polo menos:
 - a) Fixar e publicar o programa das asignaturas ao seu cargo e o réxime de titorías do profesorado.
 - b) Determina-las actividades esixidas polos planos de estudio.
 - c) Fixar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado para cada asignatura.
 - d) Distribuir e asigna-las tarefas docentes entre o profesorado.

- e) Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno.
3. As obrigas docentes dos profesores computaranse anualmente.
 4. O Consello de Departamento autorizará as actividades docentes dos profesores visitantes e eméritos, que poderán estar dirixidas principalmente á docencia en seminarios, cursos monográficos ou de especialización.
 5. De acordo cos artigos 53º.a e 135º.3 dos EUSC, o Departamento, ademais de participar na programación dos estudos correspondentes aos dous primeiros ciclos, poderá organizar aqueles que condúzan á obtención dos títulos de doutoramento do seu ámbito de competencia, así como outros estudos e actividades de extensión universitaria que poidan dar dereito á expedición de certificados ou diplomas de especialización (cursos de posgrao, especialización, formación continua, ...), sendo responsable da súa programación, desenvolvemento e seguimento.

CAPÍTULO II: INVESTIGACIÓN

Artigo 13º. Principios xerais

1. O Departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento. Para o efecto, promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación, e a cultura emprendedora (art. 141º EUSC).
2. A investigación é un dereito e un deber do PDI. Recoñécese e garántese, no ámbito do Departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.
3. O Departamento manterá un rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do mesmo, elaborando ao termo de cada ano académico a memoria anual correspondente.

Artigo 14º. Contratos e/ou convenios de investigación

1. O Departamento, a nivel institucional, e o seu PDI a través do mesmo, poderán celebrar contratos e/ou convenios para a realización de traballos de carácter científico ou técnico, e para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación nos termos previstos pola lexislación vixente e os EUSC.

TÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 15º. Xestión económica

1. O Consello de Departamento aprobará ao termo de cada exercicio económico unha memoria na que se especifiquen ingresos, gastos e, de se-lo caso, necesidades de orzamento para a realización das súas actividades.
2. Os ingresos incluirán:
 - a) O crédito asignado ao Departamento pola USC.
 - b) Os ingresos obtidos pola impartición de cursos de especialización e perfeccionamento.
 - c) Os ingresos procedentes dos contratos celebrados polo Departamento ou polo seu PDI para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, nos termos previstos nos EUSC.

3. Corresponde ao Consello de Departamento aproba-la distribución das cantidades asignadas anualmente en concepto de produción científica, as cales serán distribuídas en función de criterios obxectivos que deberán axustarse ao establecido polos órganos de Goberno da USC para o reparto de ditos fondos.

TÍTULO V: REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 16º. Iniciativa de Reforma do Regulamento

1. O presente Regulamento poderá ser reformado, total ou parcialmente, a iniciativa do director/a, ou cando o solicite polo menos o 30% dos membros do Consello de Departamento, mediante escrito motivado.
2. A proposta de reforma deberá incluír o obxecto da reforma, o seu fundamento e o texto alternativo articulado que se propón ou, polo menos, as materias acerca das que se exerce e os preceptos cuxa reforma se propugna.

Artigo 17º. Procedemento de Reforma do Regulamento

1. Unha vez admitida a trámite a proposta de Reforma, será comunicada a mesma e o texto alternativo a todos os membros do Consello de Departamento para que poida ser examinado e presentadas enmendadas durante un período mínimo de 15 días hábiles.
2. O proxecto de Reforma e as enmendadas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Consello de Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de Reforma.

Artigo 18º. Aprobación da Reforma do Regulamento.

1. Para a aprobación do proxecto de reforma requirirase a maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento, sempre que a asistencia á sesión do Consello supere a metade dos seus membros.
2. Se o proxecto de Reforma do Regulamento é rexeitado polo Consello de Departamento, os solicitantes non poderán exercer a súa iniciativa de reforma sobre a mesma materia no prazo dun ano.
3. Se o proxecto de Reforma do Regulamento é aprobado polo Consello de Departamento, será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira: Corresponderá ao Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

Segunda: En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime Interno aplicarase o estipulado nos EUSC e na lexislación xeral universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única: O presente Regulamento de Réxime Interno entrará en vigor o día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.